



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A FORMACIÓN DIRECTIVA ORIENTADA AO CAMBIO INTEGRADO NA ESTRATEXIA DE TURISMO DE GALICIA 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir as liñas básicas da colaboración público-privada co CTG para a promoción e a implementación de liñas de actuación da Estratexia do Turismo de Galicia 2020 e en concreto para o ano 2018 a mellora na cualificación dos equipos humanos do sector turístico galego, con especial énfases nos cadros directivos das empresas, co obxecto de mellorar a nosa competitividade a través da calidade na prestación e na xestión da actividade turística.

Este obxecto concrétase nas seguintes actuacións:

- Programa de formación para directivos turísticos.
- Realización dunha xornada con relatores de recoñecido prestixio a nivel estatal.
- Programa de mellora das habilidades de comunicación orientado a profesionais do sector de turismo.
- Obradoiros técnicos e accións de sensibilización.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- É de interese xeral para Galicia a mellora da competitividade do sector turístico de Galicia, para o que se elaborou por parte da Axencia Turismo de Galicia en colaboración co Cluster de Turismo de Galicia unha Estratexia do Turismo de Galicia 2020 (ETG2020). Neste sentido, a colaboración co sector privado é fundamental para acadar os obxectivos fixados na ETG2020, xa que só a colaboración público-privada poden acadar os resultados esperados.

Terceiro.- A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprir o reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

